



CONCELLO DE LOBIOS

**MINUTA DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENARIO MUNICIPAL  
DO DÍA 25 DE AGOSTO DO 2006.**

**SEÑORES ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente**

D. Benito Vázquez Vázquez.

**Concelleiros:**

D. Enrique López Álvarez  
D. Celso Paz León.  
D. Jesús Rodríguez Rodríguez.  
D. Antonio Estevez González  
D. Juan Carlos Pérez Paz.  
D. Juan Manuel Ferreira Ferreira  
D. Antonio Pérez González  
D. Xesús Deibe Fernández Simo

**Non asisten:**

D. Francisco Veloso González  
D. José Álvarez Pereira

**Secretaria, Acctal:**

D<sup>a</sup>. María del Carmen Rodríguez  
Fernández.

No salón de Sesións da Casa do Concello de Lobios, sendo as 21,05 horas do día 25 de agosto 2006, reúnen, previamente convocados ó efecto, os señores á marxe relacionados, coa finalidade de celebrar Sesión Ordinaria do Plenario do Concello de Lobios.

Estando presentes 9 dos 11 membros que de dereito e de feito integran a Corporación, o Sr. Presidente declara validamente constituído o Plenario, polo que seguidamente pasase a considerar e no seu caso votar os asuntos ou expedientes que integran a Orde do Día, tal como consta na convocatoria desta Sesión, que se celebra en primeira convocatoria en acto público.

Antes de iniciar a consideración dos asuntos que integran a orde do día o Sr. Alcalde quer deixar constancia de que o Sr. Concelleiro D. José Álvarez Pereira non pode asistir a esta Sesión polo percance sufrido recentemente na súa saúde, co rogo de que polos Srs.. Concelleiros do seu Partido presentes neste Pleno así llo fixeran chegar ó Sr. Álvarez Pereira, sumándose a elo o Sr. Concelleiro Fernández Simo do BNG.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MINUTA DA ACTA DA  
ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE XULLO DO 2006.**

Téndose remitido ós Srs. Concelleiros con anterioridade á convocatoria desta Sesión unha copia da minuta da Acta da Sesión Extraordinaria celebrada por este



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Plenario o día 31 de xullo do 2006, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto.

O Sr. Fernández Simo manifesta que no punto terceiro da Acta da Sesión de que se trata, manifestase que el non ten nada que obxectar á proposta de nomeamento de Xuíz de Paz, por non existir máis que un candidato, matizando que a súa declaración referíase, en primeiro lugar a agradecer ó actual Xuíz de Paz os servicios prestados e que o seu voto favorable non o emitiu porque unicamente se presentase un candidato, senón que o seu voto favorable baseábase na consideración da capacidade do proposto para exercer o cargo.

Logo desta matización o Sr. Alcalde somete a votación a minuta da Acta da Sesión Extraordinaria do 31 de xullo do 2006, resultando aprobada polo voto favorable dos seis membros do Grupo Municipal do PP, votando en contra da súa aprobación os dous membros do Grupo Municipal do PSdeG PSOE e absténdose o Sr. Concelleiro do BNG.

### **SEGUNDO.- FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2007.**

De conformidade co establecido no Estatuto dos Traballadores e Normas complementarias e de desenvolvemento, tanto estatais como autonómicas, o Concello debe decidir as dúas Festas Locais que a efectos de determinar o calendario laboral para o ano 2007, lle corresponden. O Sr. Alcalde propón que estes dous días sexan o 20 de febreiro, martes de Entroido, xa que o día tradicional deste Concello, 3 de febreiro San Brais, coincide en sábado e que o segundo dos días sexa o 13 de agosto, tendo en conta que vai ser coincidente coas Festas Municipais, sendo o día 12 domingo, e deste xeito non existiría coincidencias coas festas do Concello limítrofe de Entrimo nin coa outra Festa que por San Roque ten lugar no Concello de Lobios. Polo tanto propón o Pleno que as Festas locais para o 2007 sexan o 20 de febreiro, martes de Entroido e o 13 de agosto.

Toma a palabra o Sr. Fernández Simo para manifestar a súa conformidade coa proposta entendendo que un día como o martes de Entroido tería que ser festivo en toda a provincia.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde, resulta aprobado pola unanimidade dos presentes polo que as festas locais para o 2007 serán o 20 de febreiro e o 13 de agosto, debéndose de comunicar esta decisión á Delegación Provincial da Consellería de traballo.



CONCELLO DE LOBIOS

### TERCEIRO.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

De conformidade co disposto no art.. 42 do R.O.F. o Sr. Alcalde dispón que por parte da Sra. Secretaria se de sucinta conta á Corporación dos seus Decretos e Resolucións dictados dende a última Sesión Ordinaria do Pleno, que neste caso foi a do 28 de abril pasado, e que son os seguintes:

**Decreto de 28/04/06:** Solicitud de defensa xurídica.

**Decreto de 01/05/06:** Autorización gasto maio 2006.

**Decreto de 02/05/06:** Reincorporación Secretaria do Xulgado.

**Decreto de 03/05/06:** Cambio titularidade Comercio en San Paio.

**Decreto de 23/05/06:** Aprobación das Bases para concurso – oposición libre.

**Decreto de 24/05/06:** Operación de Tesourería con CaixaNova.

**Decreto de 24/05/06:** Aprobación de certificación de obra 456/POL/05.

**Decreto de 24/05/06:** Axuda económica a “Solidariedade Galega co pobo Saharauí”.

**Decreto de 26/05/06:** Convocatoria Sesión Comisión de Facenda e Contas.

**Decreto de 26/05/06:** Convocatoria Xunta de Goberno.

**Decreto de 01/06/06:** Autorización de gasto xuño 2006.

**Decreto de 19/06/06:** Delegación de funcións do Alcalde.

**Decreto de 14/06/06:** Solicitud de cesión de vehículo para Protección Civil.

**Decreto de 15/06/06:** Decreto expediente José Fernández Paz – Prencibe.

**Decreto de 15/06/06:** Autorización festa Obradoiro.

**Decreto de 20/06/06:** Autorización de gasto Obradoiro.

**Decreto de 21/06/06:** Aprobación de proxecto de obra 15/PB/06.

**Decreto de 21/06/06:** Aprobación de proxecto de obra 16/PB/06.

**Decreto de 21/06/06:** Aprobación de proxecto de obra 564/POL/06.

**Decreto de 22/06/06:** Aprobación Bases Contratación campaña incendios 2006.

**Decreto de 26/06/06:** Convocatoria Sesión Pleno.

**Decreto de 01/07/06:** Autorización gastos xullo 2006.

**Decreto de 07/07/06:** Desprazamentos persoal axuda no fogar 1º Trim. 2006.

**Decreto de 07/07/06:** Desprazamentos persoal axuda no fogar 2º Trim 2006.

**Decreto de 13/07/06:** Convocatoria Xunta de Goberno.

**Decreto de 14/07/06:** Cancelación aval Unión – Fenosa.

**Decreto de 17/07/06:** Licencia de Actividade de Café – Bar – Restaurante.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

**Decreto de 18/07/06:** Modificación de resolución de 12 de maio do 2006.

**Decreto de 02/08/06:** Aprobación certificación nº 2 obra 456/POL/05.

**Decreto de 03/08/06:** Calendario de vacacións persoal oficinas ano 2006.

**Decreto de 10/08/06:** Aprobación gasto comida Banda de Música.

**Decreto de 10/08/06:** Relación de aspirantes concurso – oposición libre.

**Decreto de 21/08/06:** Convocatoria Xunta de Goberno.

**Decreto de 21/08/06:** Convocatoria Pleno.

**Decreto de 25/08/06:** Prórroga suspensión de licencia de actividade de taxi.

O Sr. Fernández Simo pregunta a que se refire o decreto de 28 de abril do 2006, solicitando defensa xurídica da Deputación Provincial, respondendo o Sr. Alcalde que se refire ó recurso interposto por D. Emilio Rodríguez Estevez e D<sup>a</sup> Angelina Rodríguez Estevez contra resolución do recurso de reposición sobre obras efectuadas en Silvares de Grou. Tamén pregunta o Sr. Concelleiro interpelante porqué na Sesión Ordinaria de 30 de xuño non se deu conta dos decretos, dado que os decretos dos que da agora conta xa son moi atrasados e deste xeito non existe posibilidade de prantexar preguntas sobre decisións tomadas fai varios meses; coa venia do Sr. Alcalde a Sra.. Secretaria manifesta que neste caso tratouse de unha omisión unicamente imputable a ela mesma.

A Corporación dáse por enterada.

#### **CUARTO.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP E DO BNG.**

O Sr. Alcalde indica que as mocións de que se trata foron presentadas, dúas polo Sr. Voceiro do BNG e unha polo Voceiro do PP, preguntando cal vai a ser a orde de debate e votación destas mocións proponendo que se debata en primeiro lugar sobre as dúas mocións do BNG, deixando para o fin a presentada polo seu propio Grupo.

En primeiro lugar solicita da Sra.. Secretaria que proceda a dar lectura á moción presentada polo BNG na que, de xeito literal manifesta “*hai serias deficiencias nas telecomunicacións do Concello. Varias parroquias non reciben sinal de TV; outras non teñen acceso a internet e todas non reciben a maioría das sinais de radio*” solicitando do Concello que se regule nos dous vindeiros meses esta situación, mediante a instalación de reemisores de TV e radiofonía e que no prazo de un ano se realicen as xestións da actualización e modificación da rede telefónica.

Para defender a súa moción toma a palabra o Sr. fernández Simo, insistindo no xa manifestado en outras Sesións Plenarias, solicitando que debería de sensibilizarse á Corporación dos problemas de telecomunicacións existentes no termo municipal, resultando paradóxico que se este falando de Tv dixital en todo o Estado, cando aquí a



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

maioría dos pobos non dispoñen de sinal radiofónica, xa que aquí so se pode escoitar e non moi ben a Radio Galega, Radio Nacional de España e sobre todo a Cope pero non as outras emisoras privadas, polo que ignórase o dereito da poboación a dispoñer de unha información plural e a un ocio ó que teñen dereito existindo pobos que nin sequera teñen facilidades para falar por teléfono. Engade que o Concello dispuxo de fórmulas para afrontar este problema.

O Sr. Alcalde replica dicindo que está cansado de facer chamadas á TVG para reparar as deficiencias que se veñen producindo no seu poste repetidor no monte de Santa Eufemia, e aínda que as queixas aténdenas con prontitude os problemas séguense producindo; en cuanto ás privadas, teñen os seus propios reemisores, chamas e acoden con rapidez, pero debido a mala calidade de recepción de imaxes en algún dos pobos deste Concello, polo actual Equipo de Goberno propúxose e así se fixo, a instalación de reemisores que cubrisen suficientemente eses puntos e así foron instalados nas parroquias de Riocaldo, Lobios, Torno – Ganceiros, San Paio - A Vila e San Salvador de Manín. Pese a elo e tendo en conta que o reemisor que para cubrir a zona de Grou e Torno, en un principio e seguindo as indicacións do equipo técnico que para este fin mandou a Secretaría Xeral de Telecomunicacións da Xunta de Galicia, foi instalado no lugar de Santa Cruz, pertencente ó termino municipal de Lobeira vímonos obrigados polas continuas avarías xurdidas no mesmo, algunha delas con cortes de cables de subministro eléctrico e ameazas de derribo dos aparatos que o compuñan optouse por buscar outro emprazamento do mesmo escolléndose, conforme indicación dos antes indicados técnicos o monte de Ganceiros toda vez que según parece reunía as condicións mais axeitadas para a cobertura dos distintos lugares que conforman a dita parroquia de Grou, aínda que agora nalgún deles o sinal chega con certas deficiencias o que nos obriga a interesar un novo estudio técnico tendente á localización dun novo punto no que se poida conseguir unha máis ampla cobertura de proxección de imaxes televisivas cara tales pobos.

Polo que respecta á telefonía móbil, non recibíndose sinal na zona de Riocaldo, sobre todo en Bubaces e zona do Balneario; por parte de Telefónica Móviles, en resposta da petición feita por este Concello procedeuse a facer o correspondente estudio técnico con intención de levar a cabo a montaxe dun poste reemisor na parroquia de Riocaldo, concretamente nas proximidades do monte sobre o que se asenta a capela da Virxe do Xurés e a colocación de reemisores que poidan cubrir suficientemente aquelas outras parroquias nas que a sinal ven sendo nula ou deficiente, tales como a de San Paio e Grou, atopándonos co inconveniente de que o lugar axeitado para elo ubicado nas proximidades do pobo de Gustomeau – Prencibe, a resposta dada pola maioría da súa xente ven sendo totalmente negativa alegando problemas sanitarios provocados noutros lugares nos que se levou a cabo noutros puntos do territorio español a instalación desta clase de reemisores.

Polo que se refire á audición de radio existen colocadas no antes dito monte de Santa Eufemia antenas da Cope e Onda Cero aínda que esta última leva un tempo avariada e os responsables destas cadeas cando xorden avarías nas mesmas prometen vir arranxalas pero en realidade por parte dalgunha delas, concretamente Onda Cero, non o fai alegando que existen poucos ouvintes polo que debe ser o Concello o que se faga cargo



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

do mantemento do mesmo, incluída a reparación das súas avarías a fin de lograr o seu adecuado funcionamento. O mesmo tempo o Sr. Alcalde engade que porase en contacto coa Cadena Ser a fin de conseguir a instalación, pola súa parte, de un reemisor aínda que esta proposta xa lle foi feita con anterioridade a resposta obtida foi a de que non lle interesaba. En definitiva neste caso non houbo desidia algunha por parte do Concello.

Replica o Sr. Fernández Simo para indicar que o estudio técnico ó que se referiu o Sr. Alcalde anteriormente fíxose mal e que a zona das turbinas non parece o mais indicado, estrañándolle tamén o problema da telefonía móbil xa que Vodafone ten boa cobertura, rematando a súa intervención dicindo que as subvencións da Deputación só van a parar á Cope e Onda Cero solicitando da Corporación que s teña vontade política para que poidan por en marcha tódalas emisoras existentes.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que o problema plantexado non afecta só a Lobios senón tamén ós Concellos limítrofes, reiterando novamente que solicitouse da Ser a instalación dun reemisor con boa cobertura e non lle interesou e que o único que pode dicir é que xa se insistiu en varias ocasións ante quen correspondía para solucionar este problema e seguirase facendo, non podo dicir nada máis.

Sometida a votación esta Moción, resultou rexeitada por cinco votos en contra e catro a favor.

A seguinte Moción, presentada polo BNG, di o seguinte: *‘heste verán Galicia sufriu unha vaga de lumes sen precedentes. Un grupo de incendiarios tratou de crear alarma social entre os galegos. Este contexto foi superado gracia ó excelente traballo da Xunta de Galicia e dos milleiros de voluntarios que por interese e solidariedade viñeron de toda Europa’*.

Solicítase que o Pleno se solidarice mediante unha declaración pública e a emisión dun Bando e se recoñeza e agradeza o traballo feito polos efectivos da Xunta e por milleiros de voluntarios, apelándose á solidariedade de tódolos veciños na loita contra delincuentes incendiarios.

O Sr. Alcalde manifesta a súa estrañeza de que agora se diga que os incendiarios son verdadeiros delincuentes. Efectivamente hai que felicitar ós voluntarios pero non á Xunta xa que en outras épocas as críticas dos actuais gobernantes cando estaban na oposición foron feroces. De momento, neste Concello imos bastante ben nesta materia, aínda que atopámonos coa xestión desacertada da Xunta, como se pon de manifesto coa supresión de unha das brigadas de incendios das que en outros anos se dispoñía; todo esto ponse de manifesto na Moción que o Grupo do PP vai presentar seguidamente.

Replica o Sr. Fernández Simo para dicir que os medios de comunicación social que el escoita intentan facer madeira da árbore caída e rendibilidade política do tema dos incendios; os dispositivos dispostos na loita contra os incendios neste verán foron os



## CONCELLO DE LOBIOS

mellores do resto das Comunidades Autónomas e incluso de calquera das nacións de Europa e aquí non se trata de alabar á Xunta senón ós efectivos dispostos pola Xunta.

Replica o Sr. Alcalde dicindo que si a pesar de tantos medios utilizados orixinouse tal catástrofe, claramente se demostra que houbo descoordinación por parte dos Servicios da Xunta chegándose a solicitar a dimisión do Conselleiro desta materia aínda que non foi o PP que o fixo.

Posta a votación a Moción, resulta rexeitada por seis votos en contra e tres a favor.

Seguidamente sometese á consideración do Pleno a Moción presentada polo Grupo do PP, relativa á catástrofe dos lumes en Galicia na que logo da exposición e motivación da mesma solicítase do Pleno a adopción do seguinte acordo:

“O Concello de Lobios insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. Arbitrar as medidas económicas necesarias para facer fronte ás perdas sufridas polos veciños e veciñas de Galicia por mor da vaga de lumes forestais que asolou Galicia durante este verán, incluíndo en todo caso os prexuízos sufridos por:
  - a. Danos nas súas vivendas.
  - b. Establecementos comerciais ou industriais.
  - c. Explotacións gandeiras agrícolas e forestais
  - d. Danos causados en bens mobles da súa propiedade.
  - e. Gastos orixinados por mor de desprazamentos e realoxos causados pola ameaza do lume. En cinco días, aprobarase un procedemento urxente de axudas e indemnizacións para tódalas persoas afectadas.
- 2) Indemnizar asimesmo as perdas causadas por mor da imposibilidade de desenvolver actividades profesionais e empresariais, especialmente no sector da hostalería, incluíndose en todo caso o lucro cesante debidamente cuantificado.
- 3) establecer un plan que garanta unha asistencia rápida e eficaz das persoas afectadas pola contaminación ambiental derivada dos lumes, con especial atención ás intoxicacións por fume que afecten a rapaces e persoas maiores.
- 4) Abonar ás Corporacións Locais e ós particulares os gastos extraordinarios nos que houberan incorrido por mor das tarefas de extincións dos lumes.
- 5) Asegurar a dispoñibilidade por parte de tódolos Concellos que así o necesiten dunha Brigada Municipal páraa extinción dos lumes durante a época estival, e en todo caso, restablecer a Brigada Municipal naqueles Concellos que dispoñían dela ou delas en 2005 e lles foi negada pola Xunta en 2006.
- 6) Recuperar os Convenios que existían coa Administración central para posibilitar a presenza do Exército nos montes durante a época estival, así como solicitar o incremento



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

dos efectivos dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado en tarefas de investigación e persecución dos incendiarios.

7) Delegar nos Concellos, asumindo a Xunta de Galicia os gastos que as Entidades Locais lles puideran supoñer o exercicio desta Delegación, as tarefas de recompilación dos datos para cuantificar os danos e gastos ocasionados ós veciños nos seus bens e propiedades por mor da vaga de incendios, dándolle traslado de todo elo á Xunta de Galicia para o seu oportuno resarcimento.”

Toma a palabra o Sr. Fernándz Simo para manifestar que o lido é unha mostra da oportunidade electoral do PP; pode compartir as reticencias, pero xa previstas pola Xunta, aínda que agora están pedindo axudas e subvencións que cando gobernaba o PP non se pedían. O actual goberno da Xunta estivo presente durante tódolos días en que houbo incendios importantes, sen que ninguén se fose de caza como sucedeu no caso de Prestige e non se lle ocultou ós cidadáns o problema. Parecelle propio dunha película de André Pajares ver as foto dos dirixentes do PP con unha mangueira pretendendo apagar un incendio. No día de hoxe, o Consello da Xunta xa adoptou as medidas precisas para achegar recursos para paliar os danos causados.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que nin o Presidente da Xunta nin os Conselleiros afectados se enteraron durante os dous primeiros días da vaga de incendios do problema prantexado, facendo tamén referencia á comparación entre a superficie queimada que deu a Xunta e a real. Refírese outra vez á supresión dunha das dúas Brigadas que o Concello dispuña en anos anteriores, do incremento dos efectivos da Guardia Civil con individuos a caballo e a carencia total de persoal do Exército de Terra en misión de axuda na vixilancia do monte, o que demostra que non foron tantos os medios empregados e que no caso do noso Concello estamos nun termo municipal que conta, ademais de moita superficie de monte, con un Parque Natural. Prantéxalle ó Sr. Fernández Simo que pregunte en Huelva e Guadalajara se os afectados polos incendios que houbo o ano pasado xa cobraron as axudas prometidas.

O Sr. Fernández Simo replica que no caso da colaboración do Exército que se pide na Moción, fálase de presenza máis que de extinción e en un ano non se pode determinar cales son as motivacións dos que queiman á beira das cidades e núcleos de poboación, e que todo o que sufriu Galicia durante este verán foi consecuencia da nefasta política forestal durante os últimos 16 anos.

Sometida á votación a Moción de referencia resulta aceptada nos seus propios termos por seis votos a favor e tres en contra.

## **QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Fernández Simo pregunta porqué non se abriu antes a piscina, respondendo o Sr. Alcalde dicindo que porque non estaba rematada, xa que as obras foron rematadas polo



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Obradoiro de Emprego pero faltaba a autorización de Sanidade, porque esixía unha ampliación no servizo de homes e mulleres en dous wateres e urinarios en casa un deles e máis duchas polo que houbo que facer polos obreiros do Concello estes traballos, que unha vez rematados, e logo da visita de comprobación recibíuse a autorización de Sanidade fai tres días.

O mesmo Sr. Fernández Simo pregunta que inconvinientes existen en Riocaldo para cesión dun terreno destinado á construción dun centro social na parroquia, respondendo o Sr. Alcalde que deste tema xa se falou noutras ocasións e que o terreo que propoñen os veciños non resulta apto para construír conforme o PXOM de Lobios, polo tanto estase á espera do ofrecemento de outro que cumpra o disposto para estes casos pola Normativa Urbanística Municipal .

Segue o Sr. Fernández Simo preguntando pola Levada da Vixa de Abaixo pois xa houbo un acordo no que esta obra figuraba en terceiro lugar en orden de prioridades, respondendo o Sr. Alcalde a que o acordo a que se refire o sr. Interpelante referíase a que esta obra se fixera pero non con carácter inmediato, xa que hai outras obras preferentes como son a estrada de Ludeiros e o depósito de auga da localidade do Valoiro, obras que se consideran prioritarias á por el proposta.

Por último pregunta o mesmo interpelante cal vai ser o uso do antigo Polideportivo, respondendo o Sr. Alcalde que esta pregunta está feita con demasiada antelación e que aínda non se decidiu, aínda que hai varias posibilidades de destino do mesmo, convertilo terreno sobre o que se levanta en praza de uso público, aparcamento de vehículos sobre todo os días de feira, garaxe para os vehículos propiedade do Concello, etc.

En cuanto a rogos, o propio Sr. Fernández Simo solicita do Sr. Alcalde que se insista ante a Deputación sobre o estado das estradas de Grou e da Vila para que estas obras se realicen coa maior celeridade. O Sr. Alcalde indica que no día de onte chegou o proxecto do tramo da estrada de Grou e que o da Ou-113 (Lobios – A Cela por A Vila) estase a redactar. Faltan as parcelacións aínda que pensa que se farán estas obras de forma inmediata e que para a construción do poldrado que servirá de unión entre Valoiro e Cabaleiros ó ser este último pobo pertencente ó Concello de Lobeira xa se mantivo contacto co Sr. Alcalde de mesmo.

O Concelleiro D. Antonio Pérez González pregunta que pasa co terreo do lugar de Prencibe do que pretende a súa titularidade o veciño dese lugar Sr. Fernández Paz, respondendo o Sr. Alcalde que para a súa unión ó expediente que se está a instruír, estase á espera que Catastro mande o plano catastral do ano 1957, xa que hai que demostrar que o terreo era público.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Señor Alcalde - Presidente procedese a levantala sesión sendo as 22,20 horas, de todo o que eu, o Secretaria Habilitada, certifico.